

Versos no lombo do cetáceo ferido

Xosé Manuel Eyré

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

EYRÉ, XOSÉ MANUEL (2011 [2008]). “Versos no lombo do cetáceo ferido”.
A Nosa Terra: 1329 (16 de outubro), 32. Reedición en *poesiagalega.org*.
Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/450>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

EYRÉ, XOSÉ MANUEL (2008). “Versos no lombo do cetáceo ferido”. *A Nosa Terra*: 1329 (16 de outubro), 32.

* Edición dispoñíbel desde o 12 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

VERSOS NO LOMBO DO CETÁCEO FERIDO

[RECENSIÓN DO LIBRO DE MARÍA LADO *NOVE*, 2008]

Xosé Manuel Eyré

Un libro de poemas que fala do desacougo de habitar un país como unha illa que navega ao lombo dun cetáceo ferido, así ten definido a autora este poemario, que resultou gañador do *X Premio de Poesía Avelina Valladares*, así figura na capa. *Nove*, o último traballo publicado da poeta de Cee, é un poemario que nos regresa á memoria da catástrofe ocasionada polo afundimento do Prestige e a marea que desde as súas negras tripas abordaría os areais e coídos dun presente que desconfiaba do futuro. *Nove* é, polo tanto memoria. Dupla memoria trasfegada nun único licor, licor ou libro de acios ou poemas ou grolos que reventan dos sentidos ofuscados pola mordida da dolor e o mel agreste da ausencia e trepanación revirada do esquezo. O esquezo, adival que apreixa no mesmo nó as ataduras doídas da memoria íntima e propia e a propia memoria do desastre social; na mesma lazada, na gorxa fanada do desespero polo acontecer (polo acontecido) dentro e polo acontecer (polo acontecido) fóra. Quebrado escrito pola ausencia cruel do amante (quen daba o sal das augas fecundas, na caricia e a esperanza abrigosa) e a pertinaz contundencia do desastre marítimo (que se recibe como pedrada, como coitelada traidora na freba sensíbel do que a mente e corazón humanos poden chegar a comprender).

Malia o que poida parecer logo do exposto, *Nove* non agonía un duelo de traxedias, interna e externa. Si se pode entender como confluencia de ambas as dúas. Sempre e cando tal confluencia non sexa debuxada como dúas magnitudes que inciden na poeta desde direccións opostas, senón como superposición delas, superposición e inclusión (mesmo) dunha noutra. Cousa que só a máxica alquimia da poesía semella facer posíbel, mais que, en realidade, só está actualizar unha natureza humana moito máis complexa do que a fría racionalidade pode chegar a concibir, e á vez moito máis sinxela do que pode chegar a imaxinar. En definitiva, a vida é o que temos dentro e o que temos de fóra. Simbiose.

María Lado, que ten experimentado na fórmula da Radionovela (*Novembro*, a partir do contido de *Nove*), como actriz e guionista (este verán puidemos asistir ás representacións de *Pan*), co poemario *Berlín* (de encarga, experimentou no eido dos audiobook), esta poeta multifuncional, filla (ou irmá) máis nova do Batallón Literario da Costa da Morte, déixanos un libro fresco, un libro que é un proxecto, é dicir, a consecuencia do sentimento que o Novembro do Prestige deixou na poeta, e que posteriormente se foi elaborando. Con todo, malia ser un poemario moi elaborado, e queremos insistir nisto, o primeiro que queremos salientar é a frescura, a frescura das imaxes, a frescura da dicción poética. O proceso de baleirado interior é tamén un proceso de liberación, o cal redundará en que o discurso proxecte grandes doses de sinceridade ao aproximar decididamente o lector ao texto, ou ao revés, o texto ao sentir do lector. A simbiose imprescindíbel, que vén achegar un plus de

vitalismo, habitante veciño da esperanza; malia ser un poemario de tempos de catástrofe, a máxima ondeante de Jean Giono: o poeta debe ser un profesor de esperanza.

No imaxinario, a illa á deriva, figura central, illa á deriva que é memoria queixosa do esquezo, na que as xentes senten o bater furioso contra si: “somos estación derrotada, admito” (p. 41), para quen a posibilidade de concibir a ilusión de descanso é ilusión clandestina. *Nove* non agacha ser un poemario combativo, na loita de que a trágica catástrofe do Prestige non sexa un espazo baleiro nas paraxes áridas do estante da memoria. Como dicía Benedetti, “a poesía é o xénero da sinceridade derradeira e irreversible”, aplicada, en palabras de Igor Lugris a “explicar cousas que parecen ser o que non son” ou, máis ben, a explicar o que é e queren facer que non é/sexo. Explicar? Pode a poesía explicar? Non hai fronteiras para a poesía, nin as lingüísticas existen xa, pois é comunicación entre sentimento emisor e sentimento receptor.

Na ponte de palabras do poema, María Lado moldea as correntes subterráneas do ritmo e a dimensión sonora como ritual inédito de animais perseguidos pola soidade, a imposibilidade de fuxir, a soidade, a confusión, os bicos ausentes, a mentira das cartas de navegación, os ventos virados, as feridas esquivas, os cárceres de cristal, a angustia inoculada desde o malévolo plan, o abismo da derrota. Na illa, a Terra. Na illa encostada no lombo dun cetáceo desnortado. O percebe que se aferra á rocha mentres todas as furias se desatan enriba. Como un fenómeno cíclico. E como un fenómeno cíclico é tamén o poemario, e no poemario cada poema dá nome a unha bategada da tormenta, e o poema é intenso, preciso, e próximo, non pode evitar ser próximo e conta coa virtude de saber gardar calor no corpo, a brasa entre a cinza. Por iso, o “Bonus track” non só figura aí por acontecer a relación entre Alicia e o doutor en *Novembro*, como os poemas anteriores; está aí, e pode sorprender, porque despois de cada traxedia, de cada frustración debemos agardar un novo sol, aínda que nos queime e deixe como brasas ou cortes na pel delicada dos abrazos.

Na capa, indícase que *Nove* é o *X Avelina Valladares*. Non é certo. Correspóndelle o XI. O X foi para Arsenio Iglesias, para o poemario aínda inédito *Ático*. Non só de cartos vive o poeta. Non deben os convocantes xogar co prestixio dun premio como o *Avelina Valladares*. Por moito que moitos convocantes só o fagan por lavar imaxe, botar unha pouca auga de colonia nunha práctica cultural diaria insuficiente ou inexistente, a seriedade e decencia deben estar por riba de calquera ideoloxía. Agardamos o *Ático*, non imos consentir pasar sen el.